

Na sala de comisións “Otero Pedrayo” do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, o día 20 de xuño de 2024, ás 10:35 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:

Noelia Pérez López
(Presidenta)
Roberto Rodríguez Martínez
(Vicepresidente)
Secundino Fernández Fernández
(en substitución de Iria Carreira Pazos)
(Secretario en funcións)

Vogais:

Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):

María Encarnación Amigo Díaz
Raquel Arias Rodríguez
María Dolores Hermelo Piñeiro
(en substitución de Nicole Grueira Fernández)
Patricia García González
Argimiro Marnotes Fernández
(en substitución de Raúl Santamaría González)
José Alberto Pazos Couñago
Gonzalo Trenor López

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ariadna Fernández González
María Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández
Iago Suárez Fernández

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):

María Elena Espinosa Mangana
Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Mixto (M):

Armando Ojea Bouzo

Outros intervenientes:

Óscar Insua Lema
María del Carmen Rodríguez Dacosta
Paloma Castro Rey

Comparecente:

Xerente do Servizo Galego de Saúde-SERGAS

Letrada:

Purificación López Gómez

A Sra. presidenta abre a sesión e rógalle ao Sr. Fernández Fernández, secretario en funcións, que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución e as substitucións pertinentes. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto 1. Pregunta

- 1.1 4617 (12/POC-000656)**
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria
Sobre o nivel de recursos sanitarios, materiais e humanos, existentes nos concellos da comarca do Salnés, así como sobre a súa planificación e a adaptación á demanda dos meses de verán
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 31f4, do 29.05.2024

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Prado Cores (BNG)**, que procede á defensa da iniciativa ampliando os argumentos que da mesma se expoñen por escrito e que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia contéstalle o **señor xerente do Sergas (Consellería de Sanidade), José Ramón Parada Jorgal**.

En rolda de réplica, a **señora Prado Cores (BNG)**, non concorda coa información recibida e reitérase nas cuestións xa expostas.

O **señor xerente do Sergas, José Ramón Parada Jorgal**, logo de matizar as argumentacións expostas pola señora preguntante, pecha o debate da pregunta ampliando a información facilitada na súa intervención anterior.

A Presidencia agradece a presenza do señor xerente do Sergas nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia da mesma, dado que non ten máis preguntas ás que lle dar resposta.

Punto 2. Propositions non de lei

- 2.1 516 (12/PNC-000029)**
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 7 máis
Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central en relación co Rexistro Estatal de Profesionais Sanitarios e a planificación da formación de especialistas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 9f2, do 11.04.2024

A Presidencia informa que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de adición por parte do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 6092), da que se obvia a súa lectura dado que se repartiu copia aos distintos portavoces. (*Achégase a esta acta como anexo copia do citado documento*).

A seguir concédelle a palabra á **señora Amigo Díaz (P)**, que pasa a expoñer os motivos polos que o seu grupo parlamentario presentou esta proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos que se conteñen na súa formulación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlamento

Na rolda de grupo parlamentario emendante fai uso da palabra a **señora Prado Cores (BNG)**, para a defensa da emenda de adición presentada polo seu grupo.

A señora presidenta pídelles aos membros da Comisión rigorosidade nos tempos de intervención.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes intervén en primeiro lugar o **señor Ojea Bouzo (M)**, para pronunciarse a prol desta iniciativa.

A seguir, dentro da mesma rolda, a **señora Espinosa Mangana (S)**, motiva o posicionamento do grupo que representa en contra da proposta.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida a **señora Amigo Díaz (P)**, posibilita unha transacción coa emenda presentada e cuxo texto facilitará aos voceiros ao longo da sesión.

A señora presidenta abandona o seu posto na Mesa e pasa a ocupar un escano co seu grupo parlamentario (artigo 82 do RPG). Ocupa o seu posto o señor vicepresidente, Rodríguez Martínez.

2.2 540 (12/PNC-000033)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pérez López, Noelia e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que este volva á bonificación do cen por cento dos seguros sociais nas baixas por maternidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 9f2, do 11.04.2024

O presidente en funcións, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de adición por parte do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 6093), da que obvia a súa lectura dado que se repartiu copia aos distintos portavoces. (*Achégase a esta acta como anexo copia do citado documento*).

Deseguido concédelle a palabra á **señora Pérez López (P)**, quen expón os motivos que xustifican a presentación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén a **señora Rodil Fernández (BNG)**, quen, logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, defende a emenda presentada polo seu grupo que, ao seu xuízo, complementa a devandita proposta. Refire, así mesmo, que de non aceptarse a dita emenda, o seu grupo absterase na votación.

Na rolda dos grupos parlamentarios non emendantes o **señor Ojea Bouzo (M)**, manifesta o posicionamento do seu grupo a prol desta iniciativa.

Na mesma rolda intervén a **señora Rodríguez Dacosta (S)**, para cuestionar diversos aspectos da proposta e xustificando o voto en contra do grupo que representa.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada, a **señora Pérez López (P)**, logo de rebater as argumentacións da portavoz que a precedeu no uso da palabra e insistir na defensa da iniciativa, motiva a non aceptación da emenda de adición.

2.3 2901 (12/PNC-000365)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre a demanda á Xunta de Galicia da mellora asistencial do Centro de Saúde do Barco de Valdeorras na especialidade de pediatría
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 22f1, do 08.05.2024

O presidente en funcións comunica que a esta proposición non de lei se presentaron dúas emendas de substitución, unha por parte do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 6079), e outra por parte do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 6091), das que obvia a súa lectura dado que se repartiu copia aos voceiros. (*Xúntase á acta copia dos ditos documentos*).

A seguir concédelle a palabra á **señora Rodríguez Dacosta (S)**, que procede á defensa da iniciativa ampliando as argumentacións que se expoñen por escrito e que aparecen publicadas no Boletín anteriormente citado.

Na rolda dos grupos parlamentarios emendantes interveñen a **señora Fernández Fernández (BNG)** e a **señora Amigo Díaz (P)**, para xustificar a presentación das emendas de referencia presentadas polos seus respectivos grupos.
A señora presidenta incorpórase ao seu posto na Mesa.

Auséntase da sala o señor Suárez Fernández (BNG) e incorpórase o señor Insua Lema (BNG).

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes intervén o **señor Ojea Bouzo (M)**, que se posiciona a favor da iniciativa, e considera que a emenda do G.P. Popular de Galicia podería ser de adición para complementar o texto orixinal.

Na rolda de puntualizacións a **señora Rodríguez Dacosta (S)**, logo de rebater moitos dos argumentos expostos anteriormente, explica que a iniciativa se adapta ás demandas dos afectados e anuncia que non acepta as emendas presentadas.

2.4 3339 (12/PNC-000418)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Insua Lema, Óscar e Rodil Fernández, Olalla
Sobre a demanda á Xunta de Galicia dunha mellora na dotación da
Costa da Morte de centros de día de atención aos maiores
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 24f2, do 15.05.2024

O **señor Insua Lema (BNG)**, expón os motivos nos que se basea a proposición non de lei, ampliando os que se conteñen na súa presentación escrita e publicada no BOPG anteriormente subliñado.

A Presidencia informa que a esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios, intervén en primeiro lugar o **señor Ojea Bouzo (M)**, posicionándose a favor da proposta.

En segundo lugar, intervén a **señora Longueira Castro (S)**, argumenta a postura do seu grupo a prol da iniciativa.

Nesta mesma rolda intervén a **señora Arias Rodríguez (P)**, quen, tras matizar moitas das argumentacións expostas polo señor proponente, explica as diferentes actuacións do Goberno galego na Costa da Morte para xustificar o voto en contra do grupo que representa.

Na rolda de puntualizacións o **señor Insua Lema (BNG)**, insiste na necesidade dunha maior dotación de centros de día de atención aos maiores na Costa da Morte e a importancia desta iniciativa de impulso ao Goberno.

Auséntase da sala a señora Rodríguez Dacosta e incorpórase a señora Castro Rey.

2.5 4796 (12/PNC-000584)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que
proceda a licitar con urxencia o proxecto básico e de execución para a
construción do Centro de Saúde de Meis
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 31f2, do 29.05.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de adición por parte do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, (doc. núm. 6094), da que obvia a súa lectura dado que se repartiu copia aos distintos portavoces. (*Achégase a esta acta como anexo copia do citado documento*).

Deseguido concédelle a palabra á **señora Castro Rey (S)**, que pasa a detallar os motivos que xustifican a presentación desta proposición non de lei ampliando os contidos na súa formulación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlamento.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén a **señora Prado Cores (BNG)**, explica o sentido da emenda presentada polo seu grupo e anuncia o apoio á devandita proposta.

Na rolda dos grupos parlamentarios non emendantes o **señor Ojea Bouzo (M)**, amósase a favor da iniciativa.

Na mesma rolda a **señora Hermelo Piñeiro (P)**, refire diversas discrepancias co que se demanda nesta iniciativa de impulso ao Goberno e solicita que se someta a votación por puntos, sendo o primeiro punto o texto orixinal e o segundo o texto da emenda.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida a **señora Castro Rey (S)**, logo de criticar a postura do grupo maioritario, agradece o apoio dos restantes grupos e argumenta as razóns polas que acepta a emenda de adición, pero non acepta a votación por puntos.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei, pola orde na que figuran na convocatoria:

2.1 516 (11/PNC-000029), do G.P. Popular de Galicia. A voceira do grupo proponente informa que non se acadou acordo de transacción, polo que se somete a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **aprobado** por:

Votos a favor:..... 10 (G.P.P+M)
Votos en contra: 2 (G.P.S)
Abstencións: 5 (G.P.BNG)

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para demandarlle que tome as medidas oportunas para garantir que o Rexistro Estatal de Profesionais Sanitarios conte con información fiable de todas as especialidades e de todos os actores do sistema de saúde de xeito que poida ser un instrumento efectivo para planificar as necesidades de formación de especialistas do Sistema Nacional de Saúde e previr a aparición de déficits de profesionais de determinadas especialidades.»

2.2 540 (11/PNC-000033), do G.P. Popular de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **aprobado** por:

Votos a favor:..... **10** (G.P.P+M)
Votos en contra: **2** (G.P.S)
Abstencións: **5** (G.P.BNG)

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ó Goberno central para solicitarlle a recuperación do 100 por cento da bonificación polas baixas de maternidade.»

2.3 2901 (11/PNC-000365), do G.P. dos Socialistas de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... **8** (G.P.S+BNG+M)
Votos en contra: **9** (G.P.P)
Abstencións: **0**

2.4 3339 (11/PNC-000418), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... **8** (G.P.S+BNG+M)
Votos en contra: **9** (G.P.P)
Abstencións: **0**

2.5 4796 (11/PNC-000584), do G.P. dos Socialistas de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal coa engádegas do texto proposto na emenda do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 6094), que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... **8** (G.P.S+BNG+M)
Votos en contra: **9** (G.P.P)
Abstencións: **0**

A Presidencia agradece á Comisión a cordialidade e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 13:50 horas.

Noelia
Pérez López

Firmado digitalmente por
Noelia Pérez López
Nombre de reconocimiento
(DN): cn=Noelia Pérez López,
email=noelia.perez.lopez@parla-
mentodegalicia.es
Fecha: 2024.10.01 11:13:27
+02'00'

V. e pr.
Noelia Pérez López
Presidenta da Comisión

Secundino
Fernández
Fernández

Firmado digitalmente
por Secundino
Fernández Fernández
Fecha: 2024.10.01
09:54:43 +02'00'

Secundino Fernández Fenández
Secretario en funcións da Comisión